



Concello de Lugo

CONTRATACION
XMCR/rdi
Ref: STANDS SAN FROILAN 2015
Asunto: a-adx.

EXCMO. CONCELLO DE LUGO **ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATO**

En cumprimento do disposto no artigo 151 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público faise público:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: o aluguer, montaxe e desmontaxe de 55 stands que alberguen as mesas de venda durante o San Froilán 2015 nas rúas Avda Rodríguez Mourelo e na Praza Maior (LOTE 1) e por outro lado o aluguer, montaxe e desmontaxe de 50 stands para a II Feira de artesanía e gastronomía na Avda. Ramón Ferreiro durante as Festas de San Froilán 2015.

b) Prazo de execución:

Lote 1.- Os stands estarán instalados dende o día 3 ata o 13 de outubro de 2015, ámbolos dous incluídos. O inicio da montaxe será a partir do día 23 de setembro e a desmontaxe deberá realizarse entre os días 13 ó 17 de outubro de 2015.

Lote 2.- Os stands estarán instalados dende o día 3 ó 12 de outubro de 2015, ámbolos dous incluídos. O inicio da montaxe será a partir da formalización do contrato previa consulta ó servizo de cultura debendo estar completamente instaladas antes do día 1 de outubro. A desmontaxe deberá realizarse entre os días 13 ó 16 de outubro de 2015.

Os contratos poderán prorrogarse por acordo previo adoptado polo órgano de contratación cunha antelación mínima de dous meses ás Festas de San Froilán do 2016 e nas datas concretas que se indiquen polo responsable do contrato.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimento: aberto

4.- Tipo de licitación.

O valor estimado do contrato a 94.793,38 euros.

Lote 1.- O prezo para a primeira anualidade do contrato ascende a 33.750 euros, IVE incluído, desglosado sería:

Praza Maior (13 stands): 9.465 euros

Avda. Rodríguez Mourelo (42 stands): 24.285 euros.

Lote 2.- O prezo para a primeira anualidade do contrato ascende a 23.600 euros, IVE incluído.

5.- Adjudicación Lote 1:

- a) **Data:** 30/09/2015
- b) **Contratista:** XESTION DE MONTAXES OS ANCARES, S.L
- c) **Nacionalidade:** Española
- d) **Orzamento máximo do contrato:** 27.169 euros máis o IVE 21% (5.705,40 euros) resultando un total ofertado de 32.874,49 euros

6.- Adjudicación Lote 2:

- a) **Data:** 30/09/2015
- b) **Contratista:** XESTION DE MONTAXES OS ANCARES, S.L
- c) **Nacionalidade:** Española
- d) **Orzamento máximo do contrato:** 18.500 euros máis o IVE 21% (3.885 euros) resultando un total ofertado de 22.385 euros

7.- Prazo en que debe procederse á formalización do contrato:

Non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adjudicación por parte dos licitadores

Lugo, 2 de outubro de 2015
A TENENTA ALCALDE DELEGADA DA ÁREA
DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Asdo.: Ana Prieto Nieto